

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-II-19

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre os problemas que está a causar o teléfono móbil, especialmente entre a mocidade. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que::

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Demasiadas actividades extraescolares?

Os especialistas recomentan non sobrecargar a axenda extracurricular dos estudantes e atender os seus gustos e afeccións.

Deportes, idiomas, informática, baile, música, pintura... A prolongación da xornada fóra do horario escolar dos estudantes lévase nalgúns casos ata o límite. É beneficioso para os escolares realizaren tantas actividades extraescolares? Aínda que psicólogos e educadores recoñecen que, sobre todo as relacionadas co ámbito académico, poden ser favorables para o rendemento do alumnado, tamén coinciden en que se deben dosificar para evitar a sobrecarga e a presión.

Actividades en vez de xogos

Hoxe os nenos xogan menos que antano, polo menos entre semana. Segundo o I Estudio sobre o xogo e o xoguete na sociedade actual, elaborado pola compañía de xoguetes Famosa, só o 65 % dos escolares dispón de tempo para xogar despois do colexio, mentres que o 80 % dos seus pais o facía acotío.

Esta cifra media descende a medida que o neno medra: a partir dos nove anos, pouco máis do 54 % xoga ao saír da escola; despois dos 11, só o 39 %. A que se debe este descenso no seu tempo de lecer? José da Gándara, conselleiro da firma, afirma que «a orixe está na cantidade de tarefas extraescolares que agardan polo alumnado á saída do colexio».



Conciliación e hiperpaternidade

A sobrecarga de actividades complementarias á que se ven sometidos moitos escolares hoxe en día está provocada nalgúns casos polo marco social actual, que lles impi-

de a numerosos proxenitores conciliar os horarios laborais e familiares fóra da xornada lectiva. A incompatibilidade de horarios obrígalles a organizar a xornada non lectiva dos fillos de forma milimétrica para evitaren que estean desatendidos.

Pero, en ocasións, esta organización exhaustiva é froito tamén da «hiperpaternidade», unha nova forma de exercer de pais caracterizada por un afán excesivo por controlar o tempo dos fillos e conseguir o mellor deles. Jaume Trilla, catedrático de Pedagogía da Universidade de Barcelona, considera que, malia os valores formativos que achegan as actividades extraescolares, «non é desexable que a maior parte do tempo dispoñible dos nenos quede institucionalizada».

Trilla sinala tamén como unha forma positiva e desexable de tempo libre, combinable coas actividades extraescolares, a de «non facer nada». Esta idea coincide coa que proclaman os defensores da «paternidade lenta», como Carl Honoré, autor da obra *Baixo presión: rescatar os nosos fillos dunha paternidade frenética*. Honoré afirma que o control milimétrico que os pais exercen sobre o tempo dos fillos elimina a posibilidade de gozar de momentos de liberdade para brincar, inventar, descubrir, sufrir contratempos ou aburrirse.

Extraescolares si, pero con límites

Por un motivo ou por outro, o número de estudantes que participan en actividades extraescolares é cada vez máis elevado: ascende ao 91,7 % do alumnado do ensino obrigatorio, segundo datos do Ministerio de Educación. E, desta porcentaxe, un 41 % limitase a unha tarefa extraescolar, pero un 59 % realiza de forma periódica dúas ou máis actividades fóra do horario lectivo.

Os deportes (72,8 %), seguidos polos idiomas (28,4 %), música ou danza (24,9 %), debuxo ou pintura (22,3 %) e informática (21,2 %), son as extraescolares máis frecuentes entre o alumnado do noso país. Como recoñecen a maioría dos especialistas en educación, todas contribúen á súa formación integral e, no caso das actividades extraescolares relacionadas co ámbito académico, ata se asocian cun maior rendemento deste, pero con límites.

Ante todo, os expertos recomendan non sobrecargar a axenda extraescolar, nin centrarse só nas actividades de tipo académico. O aconsellable é ter en conta os gustos, intereses e necesidades do escolar, non os propios; motivalo, non obrígallo, e deixarlle tempo tanto para as tarefas escolares como para brincar ou folgar.



PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que recomentan os expertos sobre a cantidade de actividades extraescolares? ■ Por que se levan os nenos e nenas a máis actividades extraescolares que antes? ■ Como inflúen as actividades extraescolares no tempo libre infantil? ■ Cales son as actividades extraescolares que se practican máis a miúdo? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A. «As actividades extraescolares contribúen á formación integral do alumnado».
- B. «É recomendable non sobrecargar a axenda extraescolar dos estudantes e ter en conta os seus gustos e afeccións».
- C. «O control que os pais exercen sobre o tempo dos fillos impídelles gozar de liberdade para xogar».
- D. «O marco social actual fai difícil conciliar os horarios laborais e familiares».

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

«As actividades extraescolares contribúen á formación integral do alumnado»

- Por que pensa que se xeneralizaron as actividades extraescolares?
- Parécelle que contribúen a unha formación máis completa dos nenos? Por que?
- Cales considera que son máis importantes para o desenvolvemento dos nenos, as de reforzo académico ou as lúdicas? Por que?
- Canto tempo considera que se lles debería dedicar a estas actividades?
- Ocórreselle algunha outra maneira proveitosa de ocupar o tempo libre dos nenos?
(Se procede)
- Existen diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto desta cuestión?

OPCIÓN B

«É recomendable non sobrecargar a axenda extraescolar dos estudantes e ter en conta os seus gustos e afeccións»

- Os pais teñen en conta os gustos e habilidades dos nenos antes de apuntalos a unha actividade? Por que?
- Pensa que os rapaces deben ter tempo para brincar ou para descansar? Por que?
- O exceso de actividades extraescolares pode producir estrés nos nenos e incluso nos pais? Por que?
- Cre que é importante que os nenos e nenas teñan tempo para estaren coa familia? Por que?
- Cre que as actividades extraescolares contribúen á diversidade cultural? E a fomentar a cultura propia? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto desta cuestión?

OPCIÓN C

«O control que os pais exercen sobre o tempo dos fillos impídelles gozar de liberdade para xogar»

- Eran máis felices os cativos de antes, que pasaban o tempo xogando ao saír da escola? Por que?
- Parécelle que os nenos de hoxe están saturados de actividades extraescolares? Por que?
- Considera que os nenos pasarían máis tempo diante do televisor ou conectados a Internet se non tivesen actividades extraescolares?
- Pensa que moitos pais están tan preocupados pola formación dos rapaces que esquecen que a infancia é un tempo para se divertir? Por que?
- Cre que o exceso de actividades extraescolares pode provocar estrés nos nenos? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto desta cuestión?

OPCIÓN D

«O marco social actual fai difícil conciliar os horarios laborais e familiares»

- Cre que as actividades extraescolares axudan a conciliar a vida laboral e familiar? Por que?
- Por que moitas familias apuntan os fillos a tantas actividades? Cre que é porque teñen unha xornada laboral moi saturada ou por outras razóns?
- Ocórreselle algunha outra solución para que os pais poidan conciliar a vida familiar e laboral?
- Pensa que as actividades extraescolares supoñen un esforzo económico para as familias? Por que?
- Cre que o tempo que os pais pasan levando os nenos de actividade en actividade estaría mellor empregado se o dedicasen a estar con eles? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto desta cuestión?